

A tiger with orange and black stripes is lying on its stomach on a white, three-seater sofa. The tiger is positioned horizontally across the sofa, with its head towards the left and its tail towards the right. To the left of the sofa, there is a small wooden side table with a green glass lamp on it. Above the sofa, on the wall, hangs a framed painting of a lion's head. The background is a light blue-green color.

Elefante Elegante Teatro

Alma de Tigre

ALMA DE TIGRE é unha ensoñación revelada a partir da historia real de tres irmáns. A memoria, os afectos, a herdanza e os conflitos familiares dan corpo á nova creación orixinal de Elefante Elegante.

ALMA DE TIGRE evoca a historia dunha familia pechada nunha casa ruinosa a través de cuxas fendas vanse filtrando os segredos do pasado e dunha herdanza envenenada.



Os personaxes rebélanse contra un mundo do que xa non poden fuxir. Unha nai autoritaria, controladora e enlouquecida. Un pai débil e sen coraxe que deixou aos seus fillos nunha una situación de desamparo.

Á morte da nai, o fillo e as dúas fillas reencóntranse na casa familiar para decidir a súa venda e qué fazer coa herdanza. Mais a casa resístese a deixalos marchar.

A través da relación da música co movemento e a interacción cos elementos da escenografía, vanse revelando os segredos da historia mediante unha posta en escena que se fundamenta na dinámica plástica da narrativa teatral.

O efecto cómico das situacíons creadas agochan o fondo tráxico que a realidade humana transporta en si mesma.



ALMA DE TIGRE é un espectáculo para público adulto (+12 anos) que transita entre as artes visuais, a danza e o cinema mudo.

O espectáculo materialízase en forma de pintura viva inspirada en autores tan diversos como Gustav Klimt, Sandro Botticelli ou Caravaggio.

ALMA DE TIGRE móstranos que a vida é un soño que pode facilmente transformarse en pesadelo.


Elefante Elegante crea espectáculos de teatro visual baseados no xesto e no movemento. As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión do teatro físico coa danza e as artes plásticas.

Os seus espectáculos teñen sido recoñecidos en varias ocasións desde o ano 2013 co Premio María Casares ao Mellor Espectáculo.

www.elefanteelegante.net



SUBVENCIONA



COPRODUCE



COLABORA



**CREACIÓN, DIRECCIÓN DE ESCENA
E ESCENOGRAFÍA**
Gonçalo Guerreiro

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
María Torres e Gonçalo Guerreiro

INTERPRETACIÓN

María Torres, Julia Laport,
Pablo Sánchez e Mario Rodríguez

VESTIARIO

Diego Valeiras

PRODUCCIÓN DE ARTE E DESEÑO GRÁFICO
Carolina Díguele

MÁSCARAS

El Tigre de Papel

DESEÑO DE ILUMINACIÓN
Nacho Martín

ESPAZO SONORO
Manuel Fonte

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN
Lilian Portela
(+34) 664 803 801
teatro@elefanteelegante.net